

O galego e a cidade da Coruña.

Pasado e presente. III

MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO

Estamos asistindo, nestes últimos días ou semanas, a unha auténtica campaña, programada ideoloxicamente con toda a precisión e a megafonía mediática correspondente, que quere ir achantando, que quere ir explanando o camiño para familiarizármomos coa idea de que a lingua galega é unha lingua morta. Face a iso, ao que me referirei despois no remate desta concentrada exposición, quero demostrar que todos os datos sociolingüísticos falan, predicán a idea non da lingua morta, senón da lingua mortificada, distinción que xa un gramático catalán facía no S. XIX para se referir a todas aquelas feridas inflixidas no corpo social do idioma e polo mesmo tamén susceptíbeis de terapia. Por tanto, a primeira proclama –se mo admitirdes– que quero deixar ben clara na mesa a respecto da lingua (como é un asunto social e nós estamos vivas e estamos vivos), é a negativa clara a suicidármomos por consigna, sexa esta consigna emitida directamente polos poderes públicos, sexa secundada e convenientemente aireada por medios de comunicación ou por caisquer outros posíbeis emisores desta idea.

Ben, entramos rapidamente no tema e pídovos desculpas, porque a cronometría desta mesa impón á forza sermos sintéticos ou mesmo simplistas. No coloquio supoño que haberá ocasión de puntualizarmos varias das afirmacións que aquí se deiten. A fotografía sociolóxica da cidade da Coruña canto aos usos da lingua –coido que resumo adecuadamente a intención destas Xornadas– ten toda unha parte explicativa común coa nación, común por tanto con toda Galiza, e ten unha parte de especificidade. Ímonos referir en primeiro lugar á primeira, con datos de carácter histórico que é conveniente lembrarmos. Nós partimos dunha distribución demográfica da Galiza no seu conxunto, que a fins do S. XVIII, en concreto no censo de 1787, amosa a seguinte distribución: nas capitais de provincia –por tanto das sete provincias anteriores ao retallamento imposto por Don Javier de Burgos en 1833, que se corresponde coas catro provincias actuais– nas antigas capitais do Antigo Reino de Galiza, Santiago contaba cunha poboación de 15.582 habitantes; A

Coruña, 13.575; Betanzos, 3.508; Lugo, 4.019; Mondoñedo, 4.640; Ourense, 2.961 e Tui, 3.987. E as vilas de maior poboación que non tiñan o título de cidade, contaban –reparen ben na diferenza que pode haber a respecto dos nosos días– coas seguintes cifras: Ferrol, 24.993; Pontevedra, 4.014; Vigo, 3.434; Marín, 3.242; Padrón, 3.043. A mediados do S.XIX, a fotografía demográfica, que, a esta altura (fins do século XVIII), supón o 13'5% do conxunto de todo o Estado Español, vai descender, vai baixar abruptamente a 11'4%. E esta fotografía, aínda nos comezos aurorais do primeiro renacemento galego, da irrupción transgresora, revolucionaria, da inauguradora da contemporaneidade galega como foi Rosalía de Castro, aínda se vai manter con poucas variacións, unha delas e fundamental, naturalmente, toda a sangría migratoria a Castela e a Portugal e, con posterioridade, ás colonias ou ex-colonias españolas en América.

Por que recordo esta fotografía demográfica? Porque temos que lembrar un dado elemental e básico como o seguinte: a soma da poboación das chamadas cidades e das vilas de poboación máis alta deita un total de 86.998 habitantes, sobre un total da nación de 1.345.803 habitantes, o cal significa que, somada esa poboación, esa poboación urbana (onde, por certo, a única «urbe», por número de habitantes, a esta altura, é Ferrol, por arsenais e por toda a capacidade industrial e militar que vai provocar asentamentos de poboación). Digo que, somado todo isto, temos un 6'46% de poboación urbana, urbana entre aspas, incluíndomos Marín, incluíndomos Padrón, o que eran as vilas a aquela altura de poboación máis alta. Un 6'46%. Cal é, pois, a base demográfica galega? Cal é a socioloxía galega? Cal é a estrutura económica galega? Cal é, por tanto, ou cales son as posibilidades de asentamento da lingua? Hai un mantemento de monolingüismo oral en galego que convive cunha situación de desinstitucionalización programada desde os poderes públicos. Esta é, efectivamente, a situación.

Hai unhas posibilidades de conservación, unhas posibilidades de mantemento que non opacan en absoluto a situación *underground* do galego, mais hai unha base de conservación perfectamente mantida do idioma. A Coruña, como cidade, recordo a cifra, desde aqueles 13.575 habitantes até aos nosos días, en que andamos por volta dos 270.000 habitantes, e, por tanto, a segunda cidade en poboación da Galiza, A Coruña recibe todos os efectivos demográficos do interior da propia nación. O que hoxe se denomina administrativamente provincia de Lugo, máis Bergantiños, máis a Costa da Morte. Que é isto, ou que significa, trasladando esta situación de base ao retrato sociolingüístico? Pois significa, nin máis nin menos, que vai haber tamén en termos conflitivos e, nunha situación de declive, un mantemento «natural» da lingua galega. Isto aconteceu noutros moitos lugares da nosa nación, e víndomos xa aos nosos días podemos, en primeiro lugar, recordar unha fotografía sociolóxica ou sociolingüística mínima que pasaría nos últimos 25 anos, polos anos 70 do século pasado. Este período coñeceu a re-emerxencia dun proceso de normalización de usos sociais e públicos do galego como non se producira con anterioridade na nosa nación. En primeiro lugar, colocou o idioma en todos cantos ámbitos públicos se utilizaba con normalidade o español, co cal o mesmo proceso de substitución lingüística ficaba en evidencia, rompendo esa falsa naturalidade que non discutía a

hexemonía *vaticana* do idioma oficial do Estado. Ensino, medios de comunicación orais e escritos, uso eclesiástico, uso político, escrita masiva (clandestina, naturalmente, nos anos sesenta e boa parte dos setenta) de carácter propagandístico e panfletario...: estes e outros dominios de utilización social e pública do idioma foron gañados para o galego, entendendo por tal o facto **cuantitativo** da ruptura, non, en absoluto, a súa «conquista» definitiva. Estamos a falar dunha presenza minoritaria (ás veces, simbólica) e, desde logo, conflituosa, isto é, submetida a unha forte oposición da oficialidade, das autoridades, dos poderes públicos e económicos e, tamén (que non se esqueza), das organizacións da esquerda española (tanto sindical como política), que, nunha rancia tradición histórica, xulgaban «divisionista» a práctica do galego, contraria aos intereses dos traballadores galegos, que, antes de existiren como tales, coa súa lingua, seica deberan ser «internacionalistas» abstractos, submisos ao papel de os galegos só poderen ser sucursais do Estado, satélites, e non planetas...

Se lembramos todo isto non é por saudosismo, senón por pórmos de relevo o custoso, dificultado e persistente dun proceso colectivo de des-alienación, de des-programación, de dignificación do propio, a respecto de realidades, como a lingüística, que se consideraban intocábeis e inmutábeis nos seus límites estritos de distribución diglósica. Este proceso é o que permitiu, até hoxe, contarmos cun precioso aval nun camiño de restauración, de cohesión lingüística interclasista, que sentou un precedente magnífico de cómo non é ilusorio un horizonte de recuperación en que campo e cidade, aldeas e vilas, clases sociais traballadoras (no máis amplo sentido do termo), base social e institucións, esforzo privado, popular, e poderes públicos, se uniren no mesmo obxectivo e na mesma práctica lingüística. Non outra que a que soñaron (e realizaron, na medida máxima das súas posibilidades) os precursores ou Restauradores do XIX, con Rosalía de Castro á cabeza.

Citamos moi á mantenta Rosalía, porque a Galiza —e A Coruña, en particular— viviu, no século XIX un *duelo* particular, o sustido para definiren, uns e outros, cal había ser no futuro o sistema literario galego: ben unha sucursal, un subsistema do Sistema Literario Español, feito neste idioma por escritoras-es nados na Galiza, que estaban, naturalmente, en condicións de *colorearen* a súa prosa ou a súa escrita literaria coa riqueza, o exotismo e a diferenza da periferia galega, ou ben un sistema autónomo, isto é, o que usaba literariamente a lingua galega e respondía á conciencia, á noción da Galiza como realidade diferenciada. Este, e non outro, é o conflito verdadeiro, a auténtica dicotomía en termos sociolingüísticos e sociopolíticos, entre unha Rosalía de Castro e unha Emilia Pardo Bazán: as dúas Galizas, con efecto, tese e antítese, sen posibilidade (a Historia *dixit*) de conciliación, de síntese, por representaren pólos contrarios e ao servizo de intereses contrapostos. Na Coruña viviron ambas escritoras: membro a primeira da fidalguía empobrecida e deslocada patrioticamente para a apoloxía das clases populares; sendo a segunda aristócrata exercente durante toda a súa vida e contempladora da realidade galega como señora e como intelectual conservadora española. Dúas mulleres, dous destinos, dúas Galizas, como se dixo.

Mais debemos falar, sequer sexa sumariamente, dunha especificidade coruñesa, que ten consecuencias lingüísticas evidentes. Lembremos, en primeiro lugar, que A Coruña foi, moi axiña, moi logo de a Galiza perder, no albor da Idade Moderna, a súa autonomía política, sede funcional e sede, tamén, de ansias capitalinas, arredor das institucións militares e civís da monarquía española aquí instaladas. En segundo lugar, o crecemento coruñés, arredor do porto e coa pesca como principal sector económico, agudizou o contraste que marca a segunda fase do conflito lingüístico, en clasificación de Calvet: a internalización por parte de clases sociais autóctonas da necesidade da asimilación ao español, a aparencia de que a divisoria galego/español era interna ao país: pobres/ricos; rural/cidade; labregos-mariñeiros-asalariados/clases pudentes ou rendistas. A heroína popular, na loita contra Drake, María Pita, acaba solicitando mercés ao rei español, como recompensa ao seu valente papel na defensa da cidade. Tres séculos máis tarde, Murguía, Rosalía, Curros, Pondal... están contestando directamente (ou miticamente, no caso do derradeiro escritor citado) a hexemonía do Estado sobre a Galiza e inaugurando a *nova* Galiza, a que se orgulla de si propia e emerxe como universo autónomo e digno.

Estas *dúas* Coruñas chegan aos nosos días. Como noutros lugares da nación, tamén A Coruña viviu a súa particular emerxencia cultural nos anos sesenta do século XX: «O Facho», asociación cultural; «Teatro Circo»; máis tarde, «Alexandre Bóveda», agrupación cultural; «Teatro Luís Seoane»..., ao compás dun despertar político, sindical, asociativo... de signo e praxe nacionalista. O Instituto «Eusebio da Guarda», de grande prestixio e en pleno centro da cidade, coñece, por vez primeira, docencia en galego, mesmo anos antes de se implantar, como materia, a Lingua e a Literatura Galega. Boa proba dunhas posibilidades certas de reintegración no galego a partir do español ambiental, escolar e oficial.

Mais, e este non será o paradoxo menor da situación actual, a arribada da incipiente autonomía política (ano 1981, promulgación da Lei 1/1981, isto é, do Estatuto de Autonomía de Galiza; ano 1983, promulgación da Lei de Normalización Lingüística) vai coincidir coa chegada ao poder municipal do actual partido e do actual alcalde, que, desde aquela, veñen practicando unha contumaz, e infractora, política de desprezo, ilegalidade e profundo odio contra todo o galego: desde a toponimia básica até unha teimuda política de españolización e de erradicación de todo sinal de A Coruña non ser unha *jangada de pedra* senón unha cidade galega (touradas, españolización rotulística e de todos os espazos públicos, e un longo etcétera visual e mental). *Casualmente*, este delirio político, abertamente ilegal e desafiante, é permitido polos poderes políticos superiores (autónomos e estatais), tan atentos a puniren outras actuacións delituosas e tan, en troca, cegos para consentiren o incumprimento de sentenzas e resolucións xudiciais, de todos os Tribunais posíbeis, desde o Superior de Xustiza de Galiza, ao Supremo ou, mesmo, o Tribunal Constitucional, que inadmitiu a trámite a histórica demanda do goberno municipal da Coruña, no tocante ao topónimo da cidade, após esta institución gastar, e seguir gastando, millóns de pesetas ou de euros en tamaño ilegalidade, a custa dos diñeiros de todas as coruñesas e coruñeses e, xa que logo, de todos os galegos. Tal política non podía

ser indiferente, como presión españolizadora, para o conxunto da cidade. Esta é a crise que hoxe seguimos a padecer. A aspiración non pode ser outra que a de devolvermos A Coruña á legalidade, ao dereito e mais á súa condición de galega, tal e como meritísimas organizacións, como a Mesa pola Normalización Lingüística, veñen demandando e denunciando desde os anos oitenta.

Mesmo, no momento en que ordenamos por escrito e rediximos esta nosa exposición, máis actuacións xudiciais veñen somarse ao rosario das xa coñecidas en defensa da legalidade e única oficialidade do nome da cidade, A Coruña. Así, o Xulgado do contencioso-administrativo número 3 da Coruña suspendeu (11 de Abril de 2005), o acordo plenario do Concello da Coruña (votación afirmativa do PSOE; votación negativa do BNG; abstención do PP, con camisetas, iso si, cun grande L como símbolo!), correspondente ao Pleno municipal celebrado o 2 de Novembro de 2004, en que se aprobara o uso oficial da denominación «La Coruña». O auto reconece a validez única da denominación «A Coruña» como nome oficial a todos os efectos, e advirte de que o acordo plenario citado presenta «todos los indicios de un acto nulo de pleno derecho». A batalla segue. Ou, por expresármolo con emotiva e histórica frase, a loita continúa... Hoxe, como no século XIX, o que está en xogo non é, nin máis nin menos, que a posibilidade, e mais o dereito, de sermos galegos, recoñecidos legalmente como tales nos mínimos practicábeis. E á Coruña tocoulle ser, máis unha vez, metonimia e símbolo da Galiza toda: unha Galiza galega ou unha Galiza á española, iso si, cun *touch* (neo)pintoresquista incluído (tamén, como no século XIX, onde o *pittoresque* non estorbaba nada á burguesía emerxente ou á burguesía triunfadora; e, en clave galega, á españolización da sociedade...).

Concluímos, pois, lembrándonos as seguintes evidencias e necesidades:

- 1ª. Negámonos ao suicidio por consigna. Na Coruña, e na Galiza toda, seguiremos a exercer un dereito básico, cal é o de expresármonos xeral e uniformemente na lingua do país, nun acto hiperdemocrático como é o de unírmonos todos na mesma lingua, sen artificiais divisións, que se engaden ás ben reais (nacionais e de clase) xa existentes.
- 2ª. Proclamamos a centralidade do tema da lingua, porque el é vital para a pervivencia e o futuro colectivo, non independente, senón solidario, do dereito a vivir e a traballar na terra, a gozar dos nosos recursos, a sermos produtores e non só consumidores, a incorporármonos á tan mentada modernidade desde nós mesmos, non como *clónicos* dun prefabricado modelo español, europeu ou *yankee*.
- 3ª. A Galiza actual ten escasamente 30.000 kilómetros cuadrados e uns 2.800.000 habitantes, aproximadamente. *À rebours* destas magnitudes, dependemos da Unión Europea, do Estado español; temos unha Xunta autonómica; catro Deputacións; trescentos e quince concellos; operan sobre nós varios Tribunais de Xustiza; somos berce de varias multinacionais... Tantos recursos públicos e privados, que, en definitiva, nacen e existen polo noso traballo, as nosas divi-

sas da emigración, o lucro conseguido a base de explotación laboral..., van seguir pagando a expulsión do galego da súa propia terra, a súa secundarización, a súa agonía? Idioma e economía: obsesións dos clásicos do nacionalismo galego do primeiro terzo do século XX. Necesidades, aínda, de nós neste albor do século XXI. Nestes tempos, aliás, de pretensa desmitificación do *vello*, digamos non ás políticas-placebo, que, como denunciaba Castelao, hai case cen anos, son estupefacientes que nos anestesian e confunden.